



1. Se poderán presentar pezas realizadas como complemento de traballos discográficos de selos independentes, ou ben producidas directamente polos mesmos músicos. Co único condicionante de que estes sexan galegos, ou cun mínimo do 50% dos membros da formación de orixe galega.
2. Poderán participar músicos (solistas ou grupos), selos discográficos, produtoras audiovisuais ou calquera empresa ou asociación relacionada có mundo da música independente.
3. A participación está aberta a tódolos creadores e a calquera estilo musical.
4. Se admitirán traballos que foran producidos entre os anos **2007 e 2009**, ambos inclusive.
5. Cada intérprete, músico ou grupo poderá presentar un máximo de catro vídeo clips, que non deberán ter unha duración superior aos **10 minutos** cada un deles.
6. Se adxuntará unha ficha de inscrición regramentaria perfectamente cumprimentada por cada un dos vídeo clips presentados.
7. Os traballos deberán presentarse en formato **DVD**, **.vob** ou preferiblemente **.avi**, en calquera caso sen compresión.
8. A data de presentación das obras se pechará o venres, **8 de maio de 2009 ás 20:00 horas**
9. Os traballos deberán enviarse en paquete certificado a seguinte dirección:

I Mostra de Vídeo Clips Cidade da Coruña
"Vídeo Killed the Radio Star"
Rúa Pérez Cepeda 15-17 baixo D.
15004 - A Coruña



10. A organización do Festival non se fará responsable das perdas ou danos causados ao material durante o seu envío. As copias non se devolverán e pasarán a formar parte do arquivo do certame, reservándose a utilización e a difusión destes vídeos tanto coma plataforma de promoción do evento en diferentes medios de comunicación, coma en sucesivas edicións do certame en seccións de carácter retrospectivo.

11. Entre tódolos traballos recibidos, os responsables do certame elixirán os vídeo clips que participarán no mesmo, e nese momento establecerá o número máximo de participantes seleccionados, sendo irrevocabes estas decisións.

12. A **I Mostra de Vídeo Clips Cidade da Coruña "Vídeo Killed the Radio Star"**, se celebrará durante unha semana entre o **luns 29 de xuño e o sábado 4 de xullo** nun circuíto de proxección nocturna en diferentes locais de ocio da Cidade da Coruña. Ao longo deses días tamén haberá charlas e mesas redondas, proxeccións retrospectivas en horario de tarde nun local aínda por concretar e un "concerto sorpresa" para o día da clausura. Tanto os autores dos vídeo clips coma os músicos estarán invitados a asistir a tales actos. O programa completo e detallado do certame será notificado aos participantes vía email, e se difundirá en diferentes medios de comunicación **a partires do venres 22 de maio**

13. A participación na **I Mostra de Video Clips Cidade da Coruña "Vídeo Killed the Radio Star"** é gratuíta. Os gastos de envío das obras, así como os posibles gastos de desprazamento e estancia en A Coruña para presenciar o certame corren a cargo dos participantes.

14. A organización reservase o dereito de modificar calquera punto destas bases se as circunstancias o requiren, do que se daría a publicidade oportuna. A participación neste certame leva implícito a aceptación das súas bases.

15. Non se aceptará ningún traballo, que a xuízo da organización do Certame supoña unha vulneración dos dereitos humanos, é dicir, que conteñan escenas sexistas, racistas ou excesivamente violentas. En calquera caso os participantes se responsabilizan de que os traballos presentados non estean sometidos a ningunha reclamación legal.



Requisitos para participar

Poden presentarse:

Vídeo clips producidos entre o 01.01.2007 e o 31.12.2009.
Prazo de inscrición: Ate o 8 de maio do 2009, inclusive.
Duración máxima do vídeo clip: 10 min.
Formato de presentación dos vídeo clips: formato DVD ou AVI (sen comprimir)

Moi importante:

- Encher TODOS campos da ficha de inscrición asinada, indicando persoa responsable da peza, DNI da mesma.
- Adxuntar fotocopia do DNI do responsable.
- Presentar 1 ficha de inscrición por cada vídeo clip presentado.
- Envío por correo certificado.

I Mostra de Vídeo Clips Cidade da Coruña
"Vídeo Killed the Radio Star"
Rúa Pérez Cepeda 15-17 baixo D.
15004 - A Coruña

Tfno: 981 0127 029
Horario:10:30/14:00 - 17:00 / 20:00

Email: info@polyrock.es
24hrs